

Decreto.

O Concello de Brión convocou no seu día (BOE núm. 55, do 06.03.2023), polo sistema de concurso: **unha (1) praza de director escola de música**, incluída na oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (BOP núm. 94, do 19.05.2022), ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, consonte coas bases xerais e específicas da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 232, do 09.12.2022.

Rematado o procedemento selectivo de concurso o día 12.07.2023, o tribunal acordou:

1º) Publicar a puntuación definitiva do concurso:

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	Méritos profesionais	Formación profesional	Total
PINTOR	IGLESIAS	CARLOS	70,00	30,00	100,00

2º) Propoñer á persoa aspirante que se relaciona para ou seu nomeamento pola Alcaldía como persoa contratada laboral fixa, praza de director escola de música, grupo II, atendendo á orde de puntuación final obtido e aos criterios de desempate establecidos na base 11.4.das bases xerais:

CARLOS PINTOR IGLESIAS.

3º) Como a persoa proposta ten acreditada a titulación en lingua galega esixida na convocatoria se declara a exención de realización da proba oral prevista nas bases.

4º) Proceder a súa publicación na páxina web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, informando ao aspirante proposto que disporá dun prazo de 20 días hábiles, contado desde a publicación, para presentar no Rexistro do Concello a documentación sinalada na base 13.2. das bases xerais.

5º) Contra este acordo poderán presentar recurso de alzada perante o Alcalde do Concello, no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da publicación de conformidade do disposto nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Resultando que a acta da sesión foi publicada na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello con data 17.07.2023 e que o interesado presentou con data 21/07/2023 a documentación sinalada.

Considerando que é competencia desta alcaldía esta contratación, segundo o establecido no art. 21.1.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **resolvo:**

1º) Contratar como persoal laboral fixo deste Concello a CARLOS PINTOR IGLESIAS, DNI: *7772**, para a praza de director escola de música, grupo II.**

2º) Ordenar a publicación da contratación no BOP, na web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello.

3º) A persoa contratada deberá formalizar o preceptivo contrato de traballo no prazo máximo dun mes a partir da publicación da contratación no BOP.

4º) Que se notifique ao interesado esta resolución.